

# **PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN APROBADA POLA 46ª ASSEMBLEA XERAL DE ADEGA**

**Pazo da Paregrina (Ames), 27 de marzo**

## **1. NA DEFENSA DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**

ADEGA quiere facer un recoñecemento e agradecemento expreso a todo o traballo que a Organización Galega de Comunidades de Montes en Man Común, ORGACCMM, leva feito a prol da propiedade da veciñanza comuneira, da multifuncionallidade dos montes en man común e do bosque autóctono galego. Apoiamos sen fisuras á Organización Galega de Comunidades de Montes na súa denuncia perante a Consellería de Medio Rural, contra a pretensión de ilegalizar esta organización e desartellar así a oposición ao plan da Xunta para entregar o monte comunal veciñal ás empresas privadas. Esta manobra semella ser unha represalia da Consellería polas reiteradas denuncias da ORGACCMM fronte as últimas reformas legislativas levadas a cabo pola Xunta para permitir a confiscación e privatización do monte veciñal. Así mesmo, facemos un chamamento á sociedade galega no seu conxunto para respaldarnos, entre todas, coa nosa sinatura a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) promovida recentemente pola ORGACCMM para protexer legalmente os montes veciñais en man común fronte os intereses especulativos das industrias mineiro-enerxético-forestais.

## **2. DERROGACIÓN DAS LEIS DE DEPREDACIÓN E AMPARO DA COMISIÓN EUROPEA**

ADEGA esixe ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que derroque urxentemente as “Leis de depredación” (Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais e Lei de simplificación administrativa) por seren instrumentos que recurtan dereitos democráticos e sitúan a sociedade nunha posición de absoluta indefensión fronte os intereses especulativos do Capital. Ao tempo, instamos a todas as administracións públicas a cumprir escrupulosamente coa normativa de transparencia e bo goberno e a facilitar no máximo posible o acceso á información e á participación da cidadanía en todos os procedementos administrativos que se están a desenvolver relacionados con proxectos eólicos e outros potencialmente agresivos co territorio, favorecendo os intereses públicos sobre os privados. Tamén apelamos á Comisión Europea para que abra un expediente de investigación pola vulneración sistemática por parte do goberno da Xunta e do Estado dos dereitos cidadáns de acceso á información e participación pública durante a actual vaga eólica.

### **3. PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA RACIONAL E DE PAÍS**

ADEGA insta ao goberno galego a derogar o actual Plan Eólico de Galiza e a deseñar un novo plan enerxético para Galiza, que analice de xeito racional e integral as necesidades e capacidades enerxéticas do país e o seu destino, coa finalidade de efectuar unha transición enerxética xusta coa sociedade, compatible coa vida no medio rural e equilibrada ecoloxicamente, que se fundamente (en contra do actual modelo de produción ilimitada e especulativa) no aforro e eficiencia enerxética, no autoconsumo e a autosuficiencia, e na participación pública na xeración e distribución da enerxía con fins sociais e ambientais, atendendo á utilidade pública do recurso.

### **4. AMPLIACIÓN URXENTE DA REDE NATURA 2000**

Dez anos despois da última proposta de ampliación da Rede Natura 2000, Galiza aínda ten pendente completar a súa rede de espazos naturais protexidos, incumprindo por varias veces o mandado europeo que deriva en elevadas sancións sobre o erario público. A ampliación da Rede Natura galega leva unha década en suspensión consciente por parte do actual goberno da Xutna, co gallo de evitarlles ás grandes industrias depredadoras atrancos no camiño para a ocupación dos espazos naturais máis valiosos da nosa xeografía. Esta omisión pública da obriga legal de ampliar os espazos protexidos debe ser reparada de maneira urxente, pois podería ser obxecto de causa penal. Por iso, ADEGA insta á Xunta a ampliar a Rede Natura galega con carácter urxente, co obxectivo de duplicar cando menos a superficie actualmente protexida (12%) e favorecer a protección de hábitats e ecosistemas claves na loita fronte o quecemento global, así como a conectividade ecolóxica entre os diferentes espazos protexidos.

### **3. GUERRA UCRAÍNA**

Na actualidade, existen máis de 50 conflitos armados no mundo, e sempre cun mesmo resultado, morte, refuxiados e destrución. Dende ADEGA só podemos ter unha única posición ante tanta barbarie, o pacifismo. Avogamos pola retirada do exército ruso e o cese inmediato dos combates en Ucraína, e en calquera outra parte deste mundo, a volta á vía diplomática como única vía para a resolución destes conflitos e rexeitamos de maneira contundente calquera acto de guerra. Denunciamos a hipocrisía do estado español, da UE e da OTAN, brazo armado dos EEUU, onde a manipulación mediática só fala dalgúns destes 50 conflitos, segundo os intereses das oligarquías de quenda. Ao tempo, e como exemplo do indicado, repudiamos a decisión do Estado español de entregar o Sáhara a Marrocos, por non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharai e ir en contra, incluso, das resolucións da ONU.